



Nº Expediente: 2018/C005/000001

Asunto: Contratación de MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN PASOS PEÓNS. FCA 2018

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E TÉCNICA (**SOBRES 1**) DO SEGUINTE CONTRATO :

Subministro: MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN PASOS PEÓNS. FCA 2018

Importe de licitación: 36.283,06 € IVE incluído (Prezo sen IVE 29.986,00 €; IVE 6.297,06 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona María del Mar Antón Brage, secretaria acctal. do concello

Don Javier Zunzunegui Vázquez, interventor acctal. municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal, o cal substitúe ao vogal don Antonio Rodríguez Fabello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do luns 27 de agosto de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación administrativa e técnica (sobres 1) presentados no procedemento para adxudicar o subministro anteriormente citado.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse dentro do prazo establecido para tomar parte na licitación da "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN PASOS PEÓNS. FCA 2018", as seguintes empresas:

- INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL (INSTELEC)
- PROYMEL MONTAJES S.L.
- AMYS INGENIERIA, S.L.
- HALLMANN ENERGIE, S.L.

A continuación, a Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres 1, que fan referencia á "Documentación administrativa e técnica", resultando o seguinte:



- A documentación presentada pola empresa HALLMANN ENERGIE, S.L. é correcta.
- A documentación presentada polas empresas AMYS INGENIERÍA, S.L., PROYMEL, S.L. e INSTELEC, S.L. é incompleta por non presentar en formato dixital (PDF ou outro formato de libre lectura) con sinatura electrónica as referencias técnicas, segundo se indica na cláusula novena do Prego de cláusulas administrativas particulares, a cal se compón da seguinte documentación:
 1. Memoria descriptiva
 2. Esquema do plan de seguridde e saúde
 3. Plan de xestión de residuos
 4. Plan de control de calidade
 5. Medios, propios e alleos, que se poñerán a disposición para a execución do contrato

A Mesa acorda:

1º.- Requirir ás empresas AMYS INGENIERÍA, S.L., PROYMEL, S.L. e INSTELEC, S.L. para que no prazo de 3 días naturais presenten a documentación técnica en formato dixital (PDF ou outro formato de libre lectura) con sinatura electrónica.

2º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "1".

3º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "2", na data que se publicará na web do Concello de Cedeira coa debida antelación.

4º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Nº Expediente: 2018/C005/000001

Asunto: Contratación de MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN PASOS PEÓNS. FCA 2018

MESA DE CONTRATACIÓN (2)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA, APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRES 2) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SEGUINTE CONTRATO:

Subministro: MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMADO PÚBLICO E ILUMINACIÓN PASOS PEÓNS. FCA 2018

Importe de licitación: 36.283,06 € IVE incluído (prezo sen IVE 29.986,00 €; IVE 6.297,06 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona María del Mar Antón Brage, secretaria acctal. do concello

Don Javier Zunzunegui Vázquez, interventor acctal. municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal, o cal substitúe ao vogal don Antonio Rodríguez Fabello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do día 31 de agosto de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación técnica, apertura das ofertas económicas (sobres 2) e si procede, elevar unha proposta de adxudicación.

Do informe elaborado con data 30.08.2018 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, o cal se xunta como anexo da presente acta, despréndese o seguinte resultado en relación á valoración das referencias técnicas presentadas polas empresas incluídas na presente licitación:

EMPRESA	PUNTUACION
INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, S.L. (INSTELEC)	6
PROYMEL MONTAJES, S.L.	3,5
AMYS INGENIERÍA, S.L.	0
HALLMANN ENERGIE, S.L.	10

Procédese de seguido á apertura dos sobres 2: oferta económica, sendo a seguinte:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	PRAZO DE EXECUCIÓN	PRAZO DE GARANTÍA
INSTELEC, S.L.	26.446,28	28 días	ata 10 anos
PROYMEL MONTAJES, S.L.	27.488,00	25 días	ata 11 anos
AMYS INGENIERÍA, S.L.	25.000,00	10 días	ata 10 anos
HALLMANN ENERGIE, S.L.	29.890,00	12 días	ata 10 anos



Despois da valoración dos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, así como dos valorables de forma automática por aplicación de fórmulas, obtivéronse os seguintes resultados:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO	AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
INSTELEC, S.L.	6,00	2,20	2 días	1,20	8 anos	12,44	21,84
AMYS INGENIERÍA, S.L.	0,00	3,00	20 días	12,00	8 anos	12,44	27,44
PROYMEL MONTAJES, S.L.	3,50	1,55	5 días	3,00	9 anos	14,00	22,05
HALLMANN ENERGIE, S.L.	10,00	0,06	18 días	10,80	8 anos	12,44	33,30

Polo tanto, a Mesa **acorda**:

1.- Aprobar a valoración técnica elaborada con data 30.08.2018 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga.

2.- Elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor do seguinte candidato, por acadar en conxunto a mellor puntuación:

- empresa: HALLMANN ENERGIE, S.L.
- importe ofertado: 29.890,00 € sen IVE e 6.276,90 € en concepto de IVE (36.166,90 € IVE incluído)
- prazo de subministro: 12 días naturais
- prazo de garantía: 10 anos

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:20 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Jesus Manuel Mallo Puga

Ingeniero Técnico Industrial

Col. 1.178 del COETICOR

Jesús Manuel Mallo Puga, Enxeñeiro Técnico Industrial adscrito ó Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña co número de colexiado 1.178, co documento nacional de identidade número 52.433.319 - N, redacto o seguinte:

INFORME SOBRE A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA para a contratación administrativa da subministración denominada "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA NO CONCELLO DE CEDEIRA E ILUMINACION DOS PASOS DE PEONS. FCA 2018".

Realízase este informe por encargo do Concello de Cedeira, provincia de A Coruña.

EMPRESAS LICITADORAS:

- 1.- AMYS INGENIERIA S.L. (AMYS).
- 2.- HALLMANN ENERGIE S.L. (HALLMAN)
- 3.- INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L. (INSTELEC).
- 4.- PROYMEL MONTAJES, S.L. (PROYMEL).

Logo de ver a documentación técnica dos equipos a instalar que presentas as empresas licitadoras, pasamos a enumerar as particularidades:

Empresa.- AMYS.

Esta empresa presenta a súa oferta técnica coa luminaria modelo EGEA ROAD da casa PRILUX, para os pasos de peóns e para o retrofit coa placa da marca IGNIALIGHT de 60W.

Observacións.-

- A óptica que se utiliza é de vial.
- A potencia que pretenden instalar para o retrofit e superior a do proxecto.
- Non se presenta estudio luminico.
- Faltalle cumprimento da normativa esixible.
-

Empresa.- HALLMAN.

Esta empresa presenta súa oferta técnica coa luminaria TRAFFIC DEMON de SIMON LIGHTING S.A.U., e para o retrofit placas da casa MOONOFF coa referencia RETRO SERIES.

Observacións.-

- Cumpre con tódalas condicións do prego.

Empresa.- INSTELEC.

Esta empresa presenta súa oferta técnica coa luminaria TRAFFIC DEMON de SIMON LIGHTING S.A.U.



Jesus Manuel Mallo Puga

Ingeniero Técnico Industrial

Col. 1.178 del COETICOR

Observacións.-

- O equipo ofertado está deseñado explícitamente para os pasos de peóns.
- Non xunta os estudos lumínicos.
- Non xunta datos dos equipos para retrofit.
- Non propón melloras.

Empresa.- PROYMEL.

Esta empresa presenta súa oferta técnica coa luminaria TRAFFIC DEMON de SIMON LIGHTING S.A.U., de xx w e para o retrofit placas da casa MOONOFF coa referencia RETRO SERIES, de potencia xx W.

- O equipo ofertado está deseñado explícitamente para os pasos de peóns.
- Non se indica a potencia dos equipos retrofit.
- Non se atopa o plan de control de calidade.
- Non aportan certificados dos sistemas de calidade e medio ambiente.
- Nos propón melloras nin fala do servizo postventa.

CONCLUSIÓN.

Pasamos a puntuar de 0 a 10 puntos a proposta técnica:

Empresa.- AMYS.....0 pts.
Empresa.- HALLMAN.....10 pts.
Empresa.- INSTELEC.....6 pts.
Empresa.- PROYMEL.....3.5 pts.

Este é o meu leal saber i entender, o mesmo tempo quero poñer en coñecemento que efectuei o informe encomendado coa maior obxetividade posible.

O abaixo firmante é coñecedor do código penal i en concreto dos artigos 458 e 459.

**MALLO PUGA
JESUS MANUEL
- 52433319N**

Firmado digitalmente por MALLO
PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Nombre de reconocimiento (DN):
c=ES, serialNumber=52433319N,
sn=MALLO PUGA, givenName=JESUS
MANUEL, cn=MALLO PUGA JESUS
MANUEL - 52433319N
Fecha: 2018.08.30 09:44:53 +02'00'

A Coruña, 30 de agosto 2018.
Fdo. **JESUS M. MALLO PUGA**

Ingeniero Técnico Industrial
Col. 1.178 del C.O.E.T.I.COR.